1. estudos mínimos de Ciclo medio de carrocería.
2. experiencia mínima de tres anos.

Enviar CV a:

info@sportauto.es

Sportauto Galicia. rúa Newton, 8 La Grela, 15008 A Coruña.

Sacado da Voz de Galicia do domingo 31 de xaneiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Ofertas de Emprego Privado

01/02/2010

Oferta Nº 973870 Localidade: A Coruña Posto ofertado: Perruqueiro/a

Salón de peiteado de recente apertura precisa persoal con experiencia mínima de cinco anos no posto. Necesario Ciclo Medio en Perrucaría. Traballo a xornada completa, incorporación inmediata.

Oferta Nº 973938 Localidade: Lugo Posto ofertado: Técnico/a comercial

Empresa dedicada as artes gráficas precisa persoal con experiencia acreditada en vendas, preferiblemente dentro do sector, para comercializar os seus produtos. Imprescindible titulación mínima a nivel de Ciclo Medio e dispoñibilidade para desprazarse. Necesario vehículo propio. Entre 25 e 40 anos. Ofrecen contrato mercantil.

Oferta Nº 973713 Localidade: Vilalba Posto ofertado: Comercial (Rama: Alimentación)

Empresa dedicada á venda de produtos cárnicos precisa persoal para realizar rutas de venda e ofrecer e promocionar eses produtos. Necesario carné C1 e experiencia como comercial. Traballo de luns a venres en xornada completa.

Oferta Nº 974102 Localidade: Ourense Posto ofertado: Asesor/a de formación

Consultora especializada en servizos de formación precisa persoal para encargarse do proceso de información e captación de alumnos potenciais do sector comercio. Valórase experiencia comercial. Traballo a xornada parcial, ofrecen fixo mais comisións. Entre 20 e 45 anos.

Oferta Nº 973984 Localidade: Vigo Posto ofertado: Administrativo/a - comercial

Correduría de seguros precisa persoal para ofertar os diferentes produtos da empresa e realizar tarefas administrativas (atención telefónica e presencial de clientes, alta de pólizas, elaboración e seguimento de presupostos, etc). Necesaria titulación de Ciclo Medio en Administración e experiencia dun ano en vendas, preferiblemente no sector seguros. Entre 19 e 45 anos.

Oferta Nº 973983 Localidade: Vilanova de Arousa Posto ofertado: Camareiro/a para hamburguesaría

Precísase persoal para realizar tarefas de atención de clientes e elaborar bocadillos e hamburguesas. Necesaria experiencia no posto e residir na zona. Traballo de luns a domingo a xornada completa cos martes libres.

Informa: TEIf: 902 116 039.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Operario de Servizos Varios en Touro

01/02/2010

O Concello de Touro convoca concurso-oposición libre para cubrir unha praza de Operario de Servizos varios.

As bases está publicadas no BOP da Coruña do 19 de xaneiro de 2010.
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 22 de febreiro de 2010.
Máis inforamción no BOE do 1 de febreiro de 2010 e na Omix de Touro 981 504 029

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Policía Local en Cariño

01/02/2010

O Concello de Cariño convoca concurso-oposición para cubrir unha praza de policía local.

As bases están publicadas no BOP da Coruña do 13 de xaneiro de 2010.
O prazo para presntar solicitudes estará aberto ata o 22 de febreiro de 2010.
Máis información no BOE do 1 de febreiro de 2010 e na Omix de Cariño, teléfono 981 420 216.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Policía Local en Ponte Caldelas

01/02/2010

O Concello de Ponte Caldelas convoca 2 prazas de axente de Policía Local polo sistema de oposición libre.

As bases están publicadas no BOP de Pontevedra número 222, de 17 de novembro de 2009.
O prazo para presentar solicitudes estará abearto ata o 22 de febreiro de 2010.
Máis información no BOE do 1 de febreiro de 2010 e na Omix de Ponte Caldelas, teléfono 986 767 235

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Prazas na Universidade de Vigo

01/02/2010

A Universidade de Vigo convoca concursos oposición para cubrir as seguintes prazas:

40 prazas da escala auxiliar administrativa.

7 prazas da escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos.

1 praza da escala de letrados.

Requisitos:

Prazas da escala auxiliar administrativa: estar en posesión do título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria, educación xeral básica, formación profesional de técnico/a ou técnico/a auxiliar ou equivalente.

Prazas da escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos: título universitario de grao, diplomado/a universitario/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou equivalente.

Praza da escala de letrados: título universitario de grao en dereito ou licenciado/a en dereito.

Para tomar parte nestas probas selectivas deberase presentar unha instancia no modelo oficial que deberá ser cuberta a través da páxina electrónica, da Universidade de Vigo www.uvigo.es, Servizo de PAS, Emprego, Convocatorias xerais, Solicitud de admisión en probas selectivas.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 22 de febreiro de 2010.

Máis información no DOG do 1 de febreiro de 2010 e en www.uvigo.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/universidade>

Profesor/a do Conservatorio Municipal de Música: especialidade de frauta

01/02/2010

O Concello de Carballo convoca unha praza de profesor/a do Conservatorio Municipal de Música: especialidade de frauta.

Requisitos: estar en posesión do título de profesor segundo o Decreto de 1966, do título de profesional de frauta, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou outros superiores.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 18 de febreiro de 2010.

Máis información no BOP da Coruña do 29 de xaneiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Responsable de Presupostos e Oficina Técnica

01/02/2010

Empresa dedicada a Instalaciones e montaxes eléctricos require incorporar un responsable de presupostos e oficina técnica para a súa sede en A Coruña.

terá como funcións:

1. elaborar presuposto e seguimento da obra.
2. presentación das ofertas a clientes.
3. negociación con provedores para suministros.

se require:

1. experiencia mínima de cinco anos en funcións similares.
2. imprescindible mobilidade xeográfica.
3. formación mínima enxeñeiro técnico.

Interesados enviar CV a:

rrppelectricidad@gmail.com

sacado da Voz de Galicia do domingo 31 de xaneiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Técnico de Administración no Instituto Municipal Coruña Espectáculos

01/02/2010

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos convoca concurso-oposición libre para cubrir unha praza de Técnico de Administración, mediante contrato laboral fixo.

No Boletín Oficial da Coruña número 271, de 28 de decembro de 2009, aparecen íntegramente publicadas as bases que rexirán a convocatoria.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 22 de febreiro de 2010.

Máis información no BOE do 1 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Vendedores de Baños e Cerámicas

01/02/2010

O Grupo Jesús Babío empresa dedicada a venda de material de construción e saneamentos necesita para os seus centros de A Coruña e Ferrol vendedores/as de baños e cerámicas.

se require:

1. imprescindible dominio de AUTOCAD.
2. se valorará dominio de 3D Estudio.
3. se valorará experiencia no sector.
4. idade de 20 a 50 anos.
5. residencia en A Coruña, Ferrol ou cercanías.

se ofrece:

1. incorporación inmediata.
2. remuneración segundo valía.

Interesados enviar CV con fotografía recente a: Jesús Babío, Departamento de selección, ctra. N-VI, Km.600, 15172 Perillo-Oleiros. A Coruña.

sacado da Voz de Galicia do domingo 31 de xaneiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Xefe de Calidade e Xefe de Oficina Técnica

01/02/2010

Horta Coslada empresa de Construcciones Metálicas precisa incorporar a seu centro de traballo de A Coruña un Xefe de Calidade e un Xefe de Oficina Técnica.

Se require:

1. Niveis de Enxeñeiro Técnico ou Superior de Camiños ou Industrial.
2. experiencia demostrada en fabricación de estruturas metálicas, interpretación de planos, ensaios non destructivos de soldaduras e sistemas de xestión de calidade.
3. se valorará experiencia en cálculo de estruturas metálicas.
4. necesario bo nivel de inglés.

Interesados enviar CV. a Dpto. de RRHH de Horta Coslada Construcciones Metálicas SL. Polígono Industrial de Sabón, parc. 92-94. 15142 Arteixo (A Coruña).

rrhh@hortacoslada.com

sacado da Voz de Galicia do domingo 31 de xaneiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Xuíz de Paz en Palas de Rei

01/02/2010

O Concello de Palas de Rei convoca a praza de Xuíz de paz sustituto.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 15 de febreiro de 2010.

Máis información no BOP de Lugo do 28 de xaneiro de 2010 e na Omix de Palas de Rei, teléfono 982 380 001

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Cursos básicos de protección civil.

26/01/2010

A Academia Galega de Seguridade Pública convoca 20 cursos básicos de protección civil.

Os cursos van dirixidos ao persoal voluntario de entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro que teñan como fin a protección das persoas, dos bens e do ambiente.

Os cursos terán lugar durante o primeiro cuadrimestre do ano 2010 e cunha duración de 20 horas lectivas.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 16 de febreiro de 2010.

O curso básico de protección civil está dividido en varios módulos, que abarca os seguintes contidos:

Módulo I: a protección civil.

Módulo II: os riscos, accidentes e autoprotección.

Módulo III: loita contra os incendios.

Módulo IV: comunicacións.

Módulo V: actuacións básicas ante emerxencias médicas.

Máis información na Academia Galega de Seguridade Pública: <http://agasp.xunta.es/>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

Dereitos e as responsabilidades das nenas, nenos e adolescentes

26/01/2010

O Seminario Galego de Educación para a Paz con motivo do día escolar pola paz publica a guía didáctica:

"Sobre os dereitos e as responsabilidades das nenas, nenos e adolescentes"

Unidade didáctica elaborada por Manuel Dios Diz e Lois Xoán Trigo Martínez, a propósito do Día Escolar pola Paz.

Pódese descargar na web do Seminario Galego de Educación para a Paz: www.sgep.org

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino>

Formación práctica en oficinas de información turística durante o 2010

26/01/2010

A Consellería de Cultura e Turismo convoca 56 bolsas de formación práctica en oficinas de información turística durante o 2010.

Poden optar ás bolsas de formación nas oficinas de información turística: os técnicos superiores en información e comercialización turísticas, os técnicos superiores en axencias de viaxes, os técnicos especialistas de secretariado bilingüe, os diplomados ou licenciados en turismo e licenciados universitarios da rama de humanidades. Estas titulacións deben estar finalizadas nos 3 anos inmediatamente anteriores ao momento do remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria. Os solicitantes deberán acreditar un nivel de iniciación á lingua galega. A dotación económica de cada bolsa será de novecentos euros (900 €) brutos mensuais. Cada bolsa comprenderá, ademais, un seguro individual de accidentes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 26 de febreiro de 2010.

Máis información no DOG do 26 de xaneiro de 2010 e en <http://culturaeturismo.xunta.es/>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Curso de formación en Inglés

27/01/2010

Aberto prazo de inscrición Curso de formación en inglés

Nome do curso: "Removing Linguistic Barriers in English within Intercultural Communication"

Lugar: Atenas, (Grecia)

Datas: 8-14 marzo 2010

Candidatos: personas de ONGs, asociacións, traballadores con programas de xuventude, con inglés de nivel A1- A2,

Prazo inscrición: antes do 1 de febreiro.

Condições: gastos de desplazamento pola Axencia Nacional; aloxamento e manutención cuberto pola Axencia Grega

Enviar ficha de inscrición a galeuropa@xunta.es antes do 1 de febreiro.

Ficha de inscrición e información detallada nos documentos anexos.

Máis información en:

<http://www.injuve.migualdad.es>

<http://www.juventudenaccion.migualdad.es>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN

26 ao 28 de febreiro de 2010 (venres a domingo)

Lugar: Albergue de Calarreona, Aguias, Murcia.

ENTIDADE ORGANIZADORA

O Instituto da Mocidade da Rexión de Murcia en colaboración coa Axencia Nacional Española do Programa Mocidade en Acción.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Curso monográfico sobre a Acción 1.2, Iniciativas xuvenís O obxectivo principal do curso é brindar a través da educación non formal, o coñecemento e competencias para o deseño, xestión e implementación de proxectos de Iniciativas Xuvenís, por medio de dinámicas, presentacións de experiencias e desenvolvemento práctico de proxectos por parte dos participantes.

O curso está dividido metodoloxicamente en dous partes:

1. Parte Informativa:

- Obxectivos e prioridades do programa Mocidade en Acción
- Presentación da Acción

1.2 Iniciativas Xuvenís.

- Xestión e implementación de proxectos: Aspectos formais, metodolóxicos e económicos.

- Formulario da Acción

1.2 Iniciativas Xuvenís.

2. Parte Práctica:

- Panel de experiencias

- Elaboración dun caso práctico:

- Desenvolvemento prácticos de proxectos: obxectivos, metodoloxía, actividades, dimensión europea.

- Elaboración do orzamento. Vías de financiamento complementarias.

- Avaliación de proxectos de iniciativas dos mozos: principais indicadores.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

- Dar a coñecer o marco xeral do programa Mocidade en Acción.
- Fomentar a participación de mozas e asociacións xuvenís no deseño e xestión de Iniciativas Xuvenís.
- Adquirir competencias para o deseño, xestión e implementación de proxectos de Iniciativas Xuvenís.
- Propiciar a igualdade de oportunidades e promover a participación da mocidade.
- Promover a mellor comprensión da diversidade da cultura europea común.
- Facilitar a integración da poboación xuvenil na sociedade e fomentar o seu espírito de iniciativa.

PERFIL PARTICIPANTES

O curso está dirixido a mozos, traballadores e voluntarios/as de asociacións xuvenís que traballen co programa ?Mocidade en acción?; mozos con interese en desenvolver proxectos dentro deste programa ou a calquera persoa que traballe dentro do ámbito de mocidade e/ou programas europeos que poida servir de informador, dinamizador, titor, etc. para os mozos en relación a este programa.

DATOS DE CONTACTO

Instituto da Mocidade da Rexión de Murcia

Av. Infante D. Juan Manuel, 14 - 30011 Murcia

E-Mail: europajoven@listas.carm.é

Teléfono: 968 35 72 69. Fax: 968 35 72 78

FINANCIAMENTO

Cofinanciado pola Axencia Nacional Española e polo Instituto da Mocidade da Rexión de Murcia.

O curso, aloxamento e manutención serán gratuítos. Os gastos de desprazamento de incorporación e regreso serán reembolsados tras a presentación da documentación necesaria. A xestión do desprazamento farase tendo en conta a tarifa máis económica (segunda clase para o transporte terrestre).

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Ata o 15 de febreiro, no Instituto da Mocidade da Rexión de Murcia, así como nos Departamentos de Mocidade das diferentes Comunidades Autónomas.

Adxuntase convocatoria e folia de inscrición

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

Curso de árabe

28/01/2010

A Fundación Araganey-Ponte de Culturas convoca un curso de árabe.

PERÍODO DOS CURSOS:

Data de Inicio: 22/23 de febreiro

Data de Finalización: 11 de xuño

NIVEIS E HORARIOS:

NIVEL INICIACIÓN 1: luns e mércores de 18.30 a 20.00 h.

NIVEL INICIACIÓN 2: martes e xoves de 20.00 a 21.30h

NIVEL INTERMEDIO: luns e mércores de 20.00 a 21.30h

DURACIÓN:

Os cursos terán unha duración de 50 horas distribuídas nun total de 15 semanas lectivas. Ademais dos días xa indicados, haberá clase un venres ao mes. Cada clase terá unha duración de hora e media. Como reforzo haberá dúas horas de tutoría á semana, abertas a todos os alumnos (martes e xoves de 19:00 a 20:00 h).

LUGAR:

A clases impartiranse no Salón Vale-Inclán do Hotel Meliá Araganey (C/ Alfredo Brañas, 5. 15701-Santiago de Compostela).

PREZOS POR CURSO:

Matrícula: 200 € para novos alumnos e 100 € para antigos alumnos.

Mensualidades: 3 pagos de 40 €/mes (marzo, abril e maio) e 1 pago de 30 € (xuño)

Prezo total de cada curso: 350 € para novos alumnos e 250 € para antigos alumnos.

O prezo inclúe todo o material didáctico.

Máis información na Fundación Araganey, teléfono: 981 559 612

www.fundacionaraganey.com

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

Cursos de galego nas Escolas Oficiais de Idiomas

01/02/2010

A Consellería de Educación convoca cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se desenvolverán nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no ano 2010.

Os cursos van dirixidos a todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou a aquelas que os cumpran no ano natural da convocatoria, que necesiten certificar a súa competencia da lingua galega.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro e a segunda en outubro de 2010, en horario de mañá ou de tarde segundo a dispoñibilidade de aulas.

Cada curso terá unha duración de 60 horas lectivas, coa obrigada presenza de todo o alumnado.

Corresponderalle ao profesorado de galego da escola oficial de idiomas a realización da programación destas horas, de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

As solicitudes poderanse presentar na propia escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso a partir do día seguinte ao da publicación desta orde e ata cinco días antes da data establecida por cada escola oficial de idiomas para o inicio do curso.

Máis información no DOG do 29 de xaneiro de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

Formación de posgraos no Laboratorio de Control da Dopaxe

01/02/2010

A Axencia Estatal Antidopaxe convoca 3 bolsas de formación de postgraos para o ano 2010.

Os candidatos para as tres bolsas de formación de posgraos no Laboratorio de Control da Dopaxe deberán estar en posesión da titulación de Licenciado en Ciencias Químicas, Biotecnoloxía ou Bioquímica.

O desfrute das bolsas finalizará o 31 de decembro de 2010.

A contía de cada bolsa será de 14.400 € anuais íntegros, divididos en doce mensualidades.

As instancias dirixiranse ao Director da Axencia Estatal Antidopaxe e deberán formularse no modelo de solicitude que se encontrará dispoñible na páxina web da Axencia Estatal Antidopaxe: www.aea.gob.es

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 17 de febreiro de 2010.

Máis información nno BOE do 28 de xaneiro de 2010 e en www.aea.gob.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Escolas de Tempo Libre

Curso de Diretor/a de Actividades de Tempo Libre

27/01/2010

A Escola de Tempo Libre Fervenza convoca curso de Directores/as de actividades de tempo libre do 27 de febreiro ó 17 de abril en Vigo.

O obxectivo é formar persoas capaces de coordinar un equipo de monitores e especialistas para organizar actividades de animación socio-cultural e recreativas.

Inscripción: por teléfono: 606 321 636, de luns a venres de 9.30 a 13.30, e de 16 a 20 h.

por correo electrónico: fervenza@arrakis.es

Mais información: telef: 606 321 606.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre>

Curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre

27/01/2010

A Escola Galega de Tempo Libre convoca curso de monitor de actividades de tempo libre que se impartira en A Coruña do 6 de febreiro ao 22 de maio de 2010.

Informa: Escola Galega de Tempo libre.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre>

Inicio

I ENCONTRO GALEGO DE MOBILIDADE XUVENIL EUROPEA, QUE TERÁ LUGAR O 20 DE FEBREIRO EN SANTIAGO

27/01/2010

A dirección xeral de Xuventude e Voluntariado organiza o vindeiro 20 de febreiro o I Encontro Galego de Mobilidade Xuvenil Europea. Esta iniciativa pretende ser un espezo de intercambio de experiencias entre os participantes implicados nos distintos programas de mobilidade europeos: Xuventude en Acción e Lonardo da Vinci

Esta prevista a participación de mozos e mozas galegos que realizar proxectos en diferentes países, así como tamén da xuventude estranxeira que está participando en diversos proxectos en Galicia. O encontro está aberto tanto a asociacións e colectivos xuvenís como a mozos e mozas individuais interesados en coñecer de preto as experiencias de mobilidade.

O I Encontro Galego de Mobilidade Xuvenil Europea terá lugar o 20 de febreiro na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela. Os interesados en asistir poderán anotarse enviando un correo electrónico antes do 12 de febreiro á dirección xuventude@xunta.es indicando os datos persoais e as preferencias para participar nos obradoiros do Encontro, tal e como se indica no tríptico oficial, que debes baixar ao final desta nova.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/inicio>

MEDIO CENTO DE MOZOS E MOZAS DE ASOCIACIÓNS XUVENÍS E RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS CONCÉNTRANSE EN APOIO DE HAITÍ

27/01/2010

A Asociación Xuvenil Ronsel, propia do Colexio Maior Universitario San Agustín, xunto ca Residencia Universitaria "Barroso", organizou na Praza das Praterías de Santiago unha concentración solidaria de apoio ás vítimas do terremoto que devastou Haití, ao que asistiron máis de medio cento de mozos e mozas.

Ademais de Ronsel e Barroso, sumáronse a esta iniciativa as asociacións xuvenís Luenda, Tiraboleiros e Xuventude Atlántica. Tamén estivo presente o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro.

No decurso da concentración foi lido un manifesto por parte de José Martínez e de Marcos Bustabad, que pola súa interese reproducimos adxunto.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/inicio>

Clases de música tradicional en vilaboa

26/01/2010

O concello de Vilaboa iniciará clases para a aprendizaxe da música tradicional, gaita e percusión a partir do sábado 6 de febreiro. Prazo aberto.

Clases de gaita e percusión

Comezo: 6 febreiro

Horario: Sábados, de 18:00 a 21:00 horas

10€/mes

Información: OMIX Vilaboa: 986708215

omix@vilaboa.org

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>

Trimestre Intercultural nos Tilos

01/02/2010

Este luns 1 de xaneiro da comezo na Asociación Recreativa e Cultural "Os Tilos" o trimestre intercultural "Europa nos Tilos".

Trátase dunha actividade promovida polos voluntarios europeos cos que temos o pracer de contar na Asociación. Proveñen de Alemaña, Bélxica e Austria. Desenvolverán unha serie de actividades, nas que pretenden aproximar a cultura dos seus países aos nenos e nenas.

Recordar tamén, que poder participar os nenos que non pertencen á ludoteca, de idades comprendidas entre os 3 e 9 anos.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecerecultura>

Informe sobre o estado de saúde dos ríos galegos en 2009

26/01/2010

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, Adegga, publica na súa web o Informe sobre o estado de saúde dos ríos galegos en 2009.

No informe se expoñen os resultados das análises nas campañas de primavera e outono, realizadas por 283 grupos de voluntarios/as ao longo de todo o país. O Informe Anual permite aproximarnos ao estado de saúde das diferentes bacías en base á metodoloxía e indicadores empregados.

Máis información www.adega.info

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/medioambiente>